



ANUNCIO

A alcaldía ditou a Resolución núm. 615/2022, do 04.05.2022, que transcrita di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: REVOGACIÓN DE DELEGACIÓN ESPECIAL DA ALCALDÍA DA SUBÁREA DE SERVIZOS (AREA DE DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E DO MEDIO) CONFERIDA POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 145/2020 DO 20.02.2020 Á CONCELLEIRA M^a MAR PIÑEIRO OTERO

FEITOS

1 O día 15 de xuño do 2019 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 26 de maio do 2019.

2 O 7 de febreiro de 2020 trala aprobación dunha moción de censura, tomei posesión do cargo de alcalde do Concello de Fene.

3 Por Resolución da alcaldía 118/2020 do 11 de febreiro acordouse revogar as delegacións xenéricas e especiais feitas por Resolución da alcaldía 687/2019 do 2 de xullo.

4 O novo goberno municipal considerou necesario levar a cabo unha pequena reestruturación das áreas de goberno, ditándose a Resolución da alcaldía 122/2020 do 14 de febreiro de modificación das áreas de goberno.

5 O 20.02.2020 ditouse a Resolución da alcaldía 145/2020 pola que se delegan áreas de goberno, acordándose:

“(…)3º Conferir as seguintes **delegacións especiais** ó/as seguintes concelleiros/as que a seguir se relacionan, para os servizos que igualmente se sinalan:

III Conferir a delegación das subáreas de Obras e Servizos (Area de Desenvolvemento Territorial e do Medio), o servizo de Radio municipal e a implementación de medidas de transparencia na xestión municipal (Subárea de Información cidadá e transparencia da Área de Dinamización Social e Transparencia) á concelleira M^a Mar Piñeiro Otero.

(...)

4º As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior, enténdense conferidas como delegacións da dirección e xestión interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

O/A Concelleiro/a que ostente a delegación xenérica da área á que pertence o servizo, terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais.”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

O artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) establece que o alcalde pode delegar o exercicio de determinadas das súas atribucións nos membros da Xunta de Goberno Local sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro/a. Similar redacción atópase no artigo 62 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto).

O artigo 114 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF) dispón que a revogación ou modificación das delegacións haberán de adoptarse coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

O artigo 15 do Regulamento orgánico municipal (ROM) di:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



“O Alcalde ou Alcaldesa pode efectuar delegacións, agás das atribucións exceptuadas pola normativa vixente en favor da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado. En tal caso, os acordos adoptados por esta en relación coas materias delegadas, terán o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde ou alcaldesa en exercicio das atribucións que non delegase, sen prexuízo da súa adopción conforme ás regras de funcionamento da Xunta.

O Alcalde ou Alcaldesa pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos/as tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poda realizar en favor de calquera concelleiro/a, aínda que non pertencesen á Xunta de Goberno Local.

As delegacións xenéricas referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poderán abranguer tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Así mesmo, o alcalde ou alcaldesa poderá efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión de asuntos determinados incluídos nas citadas áreas. Neste caso, o/a concelleiro/a que ostente unha delegación xenérica terá a facultade de supervisar a actuación dos/as concelleiros/as con delegacións especiais para cometidos específicos incluídos na súa área.

(...)

O Alcalde/sa poderá, en calquera momento, modificar, revogar ou avogar para si todas ou parte das atribucións que delegase.

A delegación de atribucións do Alcalde/sa producirá efectos desde o día seguinte ó da data do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

De todas as delegacións e das súas modificacións darase conta ao Pleno da primeira sesión que celebre con posterioridade ás mesmas.”

Á vista do que antecede e das atribucións que me confire a normativa citada, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Revogar a delegación especial da subárea de Servizos (Area de Desenvolvemento Territorial e do Medio) conferida por Resolución da alcaldía 145/2020 do 20.02.2020 á concelleira M^a Mar Piñeiro Otero.

SEGUNDO.-Esta Resolución será efectiva dende o día da súa sinatura.

TERCEIRO.-Notificar esta resolución á concelleira interesada, ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e dar conta dela ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

Asinado dixitalmente o 09 de maio de 2022 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

G-0
098
150
P-
F-
T-0